

SEGUNDA INTERVENCIÓN DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA 2016

- Quixera comezar agradecendo as achegas dos grupos políticos a este debate. As propostas de resolución presentadas que serán obxecto de votación nesta mañá.

Permítanme que agradeza especialmente aquelas que formula o grupo de goberno desta Deputación, que reflicten un compromiso moi forte pois contan co plus de idearse e propoñerse para seren aprobadas. Contan co plus da responsabilidade. Vital en política.

Agradezo a capacidade das deputadas e deputados que me acompañan na tarefa de gobernar esta provincia con absoluta lealdade e identificación cos intereses de Ourense. Un equipo colexiado onde a delegación e a cooperación son as palabras que mellor definen a súa traxectoria. Grazas.

Como vostedes saben este tipo de debates teñen por obxecto avaliar a política xeral levada a cabo polo goberno no último ano. Este debate non é nin o discurso sobre o Estado da Unión de Estados Unidos nin o discurso do Trono do Parlamento Británico. Neste formato non só intervén o presidente, senón que tamén falan os grupos políticos, como a nivel nacional, autonómico e mesmo europeo (o debate sobre o estado da Unión Europea celebrábase hai hoxe dous meses).

A nosa acción política vén definida por considerar á Deputación como motor de transformación provincial. Toda a filosofía deste grupo político atópase incluída no Plan de mandato Ourense 15-19. Un goberno previsible, planificador e transparente. Un Plan no que xa se anuncia o que virá: O Plan Ourense 72-73 (son 7273 os quilómetros cadrados do noso territorio para o que vai enfocado o noso proxecto político), na lexislatura 2019-2023

Fálase de futuro, fálase de ilusión, de impulso, de innovación, de intelixencia, de importancia, de inconformismo...Un documento onde temos en conta o programa europeo 2020 e a chegada da alta velocidade e no que desenvolvemos o seu contido tendo en conta os eixos máis importantes: o deporte, o turismo, a tecnoloxía, a participación, o compoñente medioambiental, a habitabilidade e a xestión e o rigor nas contas públicas.

Mais a nosa capacidade, a capacidade que nos pide Ourense, non queda só no Plan Ourense 15-19...son moitas máis as iniciativas novidasas que implementamos neste tempo, tamén as que poremos en marcha despois deste pleno como as propostas de resolución que presenta o grupo de goberno...e tamén as que vou anunciar deseguido. Porque debe ser ilimitada a nosa capacidade propositiva porque estamos nunha

provincia sen límites. Chámase ambición e, en política, como a audacia e a sorpresa, son conceptos clave.

Anuncios

Valoro especialmente as contribucións, en formato de propostas de resolución, que achegaron a este pleno. Contribucións que se complementan cos anuncios que tradicionalmente o presidente dun goberno explicita nos correspondentes debates sobre política xeral. Pronunciamentos públicos que impediron a celebración do debate destas características do ano 2015 por estarmos na fase temporal determinada pola convocatoria das eleccións xerais de decembro.

Por iso neste debate vou dar conta dunha serie de iniciativas e actuacións políticas – doce- que marcarán a axenda dos próximos doce meses e que constitúen tamén unha prioridade para este goberno, ademais das propostas de resolución que se aproben e, por suposto, sen esquecer as previsións contidas no Plan Ourense 15-19 de xestión e estratexia operativa desta Deputación Provincial.

Primeira-Por iso, porque cremos en Ourense, falando de innovación pública, un terreo onde non hai foro en España onde non sexamos convidados para falar das nosas propostas, poremos en marcha dende Ourense un PROGRAMA DE ACELERACIÓN PARA A INNOVACIÓN PÚBLICA, na liña das políticas propias dun Lean Start Up Government.

Segunda-Por iso, porque cremos en Ourense, seguiremos cooperando co goberno autonómico en materia de incendios forestais. E presentáremolle un estudo sobre a xestión das franxas de biomasa por parte da Deputación, tendo en conta o establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.

Terceira-Por iso, porque cremos en Ourense, imos seguir potenciando a autoestima fornecendo a Ourenanía coa edición dunha revista que levará por título “Vieiros da Ourenanía”, lembrando o título da Revista do Padroado da Cultura Galega de México.

Cuarta-Por iso, porque cremos en Ourense, e nunha zona do potencial agrario da Limia, en colaboración co Concello de Xunqueira de Ambía e coa Xunta de Galicia, poremos en marcha un proxecto de desenvolvemento rural “Horta de Xunqueira” da man dos agricultores da zona e con preacordos con axentes operadores no ámbito da comercialización e da distribución de hortalizas.

Quinta- Por iso, porque cremos en Ourense, presentaremos un programa piloto de recuperación de vivenda cos concellos da Veiga e Oímbra.

Sexta- Por iso, porque cremos en Ourense, seguiremos a ter un papel protagonista dentro das provincias europeas na asociación Partenalia, onde ostento a vicepresidencia, para poñer en valor a realidade provincial. E podo adiantar que nos

primeiros meses de 2017, Ourense acollerá unha xuntanza do comité técnico de Partenalía.

Sétima-Por iso, porque cremos en Ourense, sabemos do liderado da nosa provincia no entroido de Galicia. E aproveitaremos esa circunstancia para promover conxuntamente a súa posta en valor e aproveitar o alto impacto turístico do mellor da nosa etnografía.

Oitava-Por iso, porque cremos en Ourense, será 2017 o ano no que concretaremos a gran aposta por un dos produtos estrela da nosa gastronomía, a castaña, protagonista da nosa gran festa dos magostos. Mantendo o apoio ao Centro da Castaña de Riós, perseguindo do Goberno central a elección de Ourense-Riós para ese Centro Nacional que demandamos dende aquí, instando ao goberno de Galicia a potenciar todo o relacionado con este produto e a axudar e ir da man do consello regulador que ten a súa sede nas dependencias do Inorde.

Novena- Por iso, porque cremos en Ourense, seguiremos apostando por vertebrar o territorio con medidas que atendan as necesidades e especificidades de cada concello e de cada bisbarra. Dende a elaboración dun plan de dinamización turística da Baixa Limia ata esa colaboración que ofrecemos ao Couto Mixto, pasando pola posta en valor de inmobles desta Deputación que están situados en paraxes naturais de gran beleza, como poden ser os situados ao carón do encoro de Cachamuíña ou os que serviron na Arnoia de escenario para presentar La Vuelta Ciclista a España Ourense Termal-Madrid.

Décima- Por iso, porque cremos en Ourense, poremos en marcha a primeira bolsa de emprego sociosanitaria de ámbito provincial en España pensando nas ofertas que emitan as entidades locais da provincia, permitindo así maior transparencia e axilidade nos procesos de contratación públicos.

Undécima-Por iso, porque cremos en Ourense, 2017 será o ano da primeira fase do centro tecnolóxico "Ourense intelixente", un referente nacional en novas tecnoloxías aplicadas á administración e á comunicación cos cidadáns. Buscando a formación e o emprego tecnolóxico, a dinamización tecnolóxica das pemes ourensás e o emprendemento de proxectos tecnolóxicos.

Duodécima-Por iso, porque creemos en Ourense, ese Ourense capital das industrias culturais e creativas grazas á OURENSE ICCWeek, anuncio en 2017 a elaboración do Plan Provincial de Turismo Creativo e Cultural para construír unha estratexia coherente que garanta a activación do turismo cultural e creativo da provincia para seren competitivos no mapa turístico nacional.

Por iso, este goberno, calquera bo goberno, non para.

A deputación segue facendo provincia. Adaptándonos aos tempos, en moitos supostos adiantándonos.

Como dicía Losada Diéguez, “o xenio de Moldes” (Boborás): “temos a obriga de rexuvenecer a nosa actividade”. Falaba de “mocidade constante” e de “renacemento todos os días”.

A iso nos convocaban e a iso os convoco.

Por Ourense.

Moitas grazas!